

PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA:

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria oficial de grao en cada unha das convocatorias e prazos de matrícula que se establezan. A cada estudante asignaráselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

Os solicitantes convocados para matricularse na ensinanza universitaria oficial de grao solicitada en primeiro lugar de preferencia, deberán matricularse no prazo establecido para o efecto; de non facelo perderán todos seus dereitos de matrícula. Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicite en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as ensinanzas universitarias solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas e figuran como “PECHADA”.

Se o solicitante aparece convocado/a nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia poderá esperar a matricularse nela (en sucesivas convocatorias) en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia se reconfirma que desexa continuar na Lista de Espera. No caso de matricularse nela, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con preferencia superior.

NOTA. RECONFIRMACIÓN NA LISTA DE ESPERA Despois de cada chamamento e durante o período de matrícula, se o solicitante aparece convocado/a nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia e desexa continuar en lista de espera en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia, deberá confirmar a través da propia aplicación informática nerta, o interese en seguir nas listaxes da CiUG (de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerá nos seus dereitos).